

# Panxoliñas

**Manuel María**

Esta ducia de panxoliñas é unha selección das que Manuel María escribiu fundamentalmente nos anos cincuenta e comezos dos sesenta e que utilizaba frecuentemente para felicitar as festas do Nadal ás súas amizades.

## **Verbas para o tempo do Nadal**

Agora é o tempo do Nadal.

Agora é o tempo de poñer  
en pé o noso amor  
e procurar a Estrela  
que nos alume sempre o corazón.

Agora é o tempo do Nadal.  
O tempo da neve  
e máis o da canción.

Agora é o tempo  
de acender para sempre o noso amor!

## Panxoliñas do Advento

1

Este ar non ten asubío.  
Tampouco ten aloumiño:  
só un vento cheo de frío  
que se pousa no camiño.

Está a chegar o Nadal:  
o seu vento milagreiro  
ten de cantar no Portal  
e de acender o luceiro.

2

N a follaxe dun carballo  
naceu un vento ventiño:  
ten sinxeleza de orballo  
e chíos de paxariño ... !

Nas claridades do día  
brilla o gozo do mencer.  
Anda moi leda María  
porque Xesús vai nacer!

## **Panxoliña das campanas de Belén**

Campanas tocade!  
Toca campaiña  
que naceu Xesús  
da Virxe María!

Campanas: tocade!  
Hai festa en Belén!  
Naceu o Neno  
polo noso ben!

Tocade campanas!  
A fala lixeira:  
rode voso son  
pola terra enteira!

Tocade, tocade  
e tocade ben!  
Tocade, tocade!  
Bailade tamén!

O Deus verdadeiro!  
O Neno Xesús ... !  
Arrolos de pomba!  
Cabelos de lus!

Toca campaiña!  
Toca campanón!  
O Neniño Deus  
no meu corazón!

## **Panxoliña da Noiteboa**

Esta noite é Noiteboa!  
Naceu Xesús no Portal!  
Ao lonxe o vento que zoa  
nas follas do carballal!

Naceu Xesús de María  
como raio brillador!  
San Xosé, como sorría!  
E na Virxe, canto amor!

Entraba a luz do luceiro  
por un burato do teito.  
O noso Deus verdadeiro  
só tiña pallas por leito!

Era un coitelo o resío!  
A noite xeadada estaba!  
Anque era doente o frío  
o Neno Deus non choraba!

## **Panxoliña da sorriso da Virxe**

*O día nacía,  
brillaba e sorría  
na doce sorriso  
da Virxe María!*

Cantan a neve e o frío,  
o paxaro e máis o vento.  
Cantan o monte e o río  
o tempo do Nacemento!

*O día nacía,  
brillaba e sorría  
na doce sorriso  
da Virxe María!*

Na terra canta o pastor  
e no ceo o anxeliño  
que naceu Noso Señor,  
que naceu Xesús Neniño!

*O día nacía,  
brillaba e sorría  
na doce sorriso  
da Virxe María!*

Todo o mundo é a cantar!  
Todo o mundo canta ben,  
que non deixa de brillar  
a estreliña aló en Belén!

*Nacía outro día.  
Cantaba a campía.  
A Virxe María  
choraba e sorría!*

## **Panxoliña dos galegos**

O Neno Deus é un neniño  
que namora soio o velo!  
Os seus ollos son de luz  
e de ouro fino o cabelo!

-Non vedes fiar a Virxe  
tan caladiña e tristeira?  
-Imos levarlle, pastores,  
un año branco e manteiga!

San Xosé é carpinteiro  
e xa non serra madeira.  
Anda a facer unha cruz  
dun pauíño de oliveira!

Camiñade, galeguiños,  
camiñade ata Belén ... !  
Xa naceu o Rei do Ceo  
e quen lle cante non ten!

## Panxoliña do poeta

-O camiño está só.  
A noite sen luz.  
-Alumando a noite  
o Neno Xesús ... !

-O río vai cheo.  
A noite pon medo.  
Nin unha estrela  
relumbra no ceo.  
Ningunha estrela  
e ningún luceiro  
arden aquecendo  
o fondo do peito!  
Vanse apagar  
estes meus anceios!  
Os degaros meus!  
-Ergue os ollos. Mira  
brillar ao Luceiro ... !  
O Neniño Deus!  
O Deus verdadeiro!

-Ten luz o camiño.  
A noite sen medo!  
O Neno Xesús  
naceu no meu peito!



## **Panxoliña da pobreza de San Xosé**

San Xosé serra que serra.  
A Virxe fiando liño.  
San Xosé serra que serra  
e ollando ao seu Neniño.

O Neniño non ten berce!  
O Neno chora co frío!  
San Xosé serra que serra!  
San Xosé chorando a fío!

O Neniño non ten berce.  
A Virxe fiando liño.  
Pousa a roca: vai correndo  
arrolar ao seu Neniño ... !

San Xosé serra que serra.  
San Xosé é moi pobriño ... !  
Non ten táboas pra facer  
un berce prao seu Neniño ... !

## Panxoliña da neve

1

A neve atopou o niño  
no corazón do Nadal.  
A neve atopou o niño  
nas follas do carballal.

Nas follas do carballal  
a neve entrou amodiño,  
que quer cantar no Portal  
unha canción ao Neniño.

2

Querlle cantar ao Neniño  
a neve do carballal.  
E quer cantarlle amodiño  
con limpa voz de pardaL

A neve atopou o niño,  
milagre polo Nadal!  
Halle cantar ao Neniño  
a neve do carballal!

## **Panxoliña mariñeira**

-Aí está..! Non a vedes?

Aí está pola ribeira.

A Virxe cosendo redes!

A Virxe é mariñeira ... !

San Xosé é carpinteiro

e anda unha dorna a facer.

Unha dorna de piñeiro

para pescar ao mencer!

O neno Deus, que belido!

está na praia a brincar.

Cando sexa home cumprido

camiñará polo mar. .. !

## Panxoliña labrega

-Ouvean lobos na serra.  
O río baixa xeado.  
Non hai ferrado de terra  
que se atope desnevado!

Non teñen pacido os gados.  
O corisco roe forte.  
Están xeados os prados  
e as ovelliñas na corte!

-Ti olla ao ceo! Na altura  
unha estrela a relumbrar!  
Sinto en min unha dozura  
dentro da alma a medrar!

-Hoxe naceu un Neniño!  
Naceu o Fillo de Deus!  
Heille de dar aloumiño  
e darlle os amores meus!

Naceu pobriño, tan pobre!,  
ao frío como o centeo.  
Nin un só capizo cobre  
ao meu Reiciño do Ceo!

Vede un milagre! No ar  
hai unha gran claridade  
e escóitanse anxos cantar:  
*"Paz aos de boa vontade!"*

Están luceiros brillando!  
As estrelas alumean!  
O río baixa cantando  
e os lobos xa non ouvean!

## Romance dos Reis Magos

-Onde camiñas, pastor,  
con esa branca ovelliña?

-¡Voulle levar ao Deus Neno  
a miña ofrenda cativa ... !

-Xa viñeron os Reis Magos  
a ofrendarlle ouro e mirra  
e a incensalo cun incenso  
que moi bo recendo tiña.

-Eu non teño que lle dar  
máis que esa ovella cativa  
que o Neno Deus agradece  
co lirio dunha sorriso ... !

-Viñeron os Reises Magos  
tripando moitos camiños  
e por onde eles pasaban  
ata a noite relucía.

Eran mouros os criados  
que de paxes os servían,  
moi briosos os cabalos  
e lucida a comitiva.

En grandes arcós de prata  
ricos presentes traguían.

Aló, no alto do ceo,  
unha estrela estrelecida  
ás folerpiñas de neve  
co seu brillo derretía!

San Xosé estaba ledado.

Moito máis leda María.

O Neno Deus, no barrelo,  
como un sol novo sorría.

-Eu non teño que lle dar  
máis que esta ovella cativa  
que o Neno Deus agradece  
co lirio dunha sorriso ... !

Entre a neve e o corisco  
o pastorciño camiña.

E no fondo dos seus ollos  
unha estrela brilla, brilla:  
aquela que aos Reises Magos  
servira de norte e guía . . . !